



## DECRETO DA ALCALDÍA

D. Francisco Javier Balado Teijeiro, Alcalde-Presidente do Concello de Castro de Rei (Lugo).

Vista a Resolución da Xefa Territorial da Consellería de Emprego e Igualdade de Lugo de data 24 de xuño de 2021, que tivo entrada no concello o 24 de xuño de 2021 (registro de entrada núm. 1.731), pola que se resolve conceder, ao abeiro da Orde do 12 de abril de 2021 da Consellería de Emprego e Igualdade, unha subvención para a contratación de 2 persoas para o fomento do emprego no medio rural APROL RURAL, para a realización da obra/servizo que se detalla:

❖ **Tarefas de mantemento forestal**, expediente **TR351G 2021/5-2**.

En virtude do disposto nos artigos 55 a 62 da Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, no artigo 21 da Lei 7/85, de 2 de abril, de Bases de Réxime Local e no artigo 249 da Lei 5/97, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, e no Decreto de Alcaldía nº 318/2019, de 2 de xullo, recollido no acordo plenario de 05/07/2019, (publicado no B.O.P, de Lugo nº 165, de 19 de xullo de 2019).

**Primeiro.** Prestar aprobación ás seguintes bases para a selección de persoal para a contratación temporal de persoas para o fomento de emprego no medio rural, co obxecto de cubrir dous (2) postos de peón por un período de 9 meses e xornada completa:

**“BASES XERAIS POLAS QUE SE ESTABLECEN AS NORMAS PARA A SELECCIÓN DE PERSOAL CON CARÁCTER TEMPORAL (PROGRAMAS PARA A CONTRATACIÓN TEMPORAL POLAS ENTIDADES LOCAIS DE PERSOAS PARA O FOMENTO DO EMPREGO NO MEDIO RURAL) PARA PRESTAR SERVIZOS NO CONCELLO DE CASTRO DE REI (LUGO).**

**Primeira. Obxecto.**

As presentes bases teñen como finalidade a determinación do sistema, procedemento e baremo que se aplicará na selección de DOUS (2) PEÓNS, conforme ao previsto na Orde do 12 de abril de 2021 da Consellería de Emprego e Igualdade reguladora das subvencións dirixidas a entidades locais para a contratación temporal de persoas para o fomento do emprego no medio rural APROL RURAL para o ano 2021.

As presentes bases publicaranse na páxina web do concello: [www.castroderei.gal](http://www.castroderei.gal).

**Segunda. Características do contrato de traballo.**

O/a traballador/a estará vinculado á entidade convocante mediante a modalidade de contrato temporal coas cláusulas específicas de traballos de interese social, coas seguintes características:

- Duración do contrato: 9 meses.
- Tipo de xornada: 100%.

**Terceira. Retribucións.**

As retribucións que percibirán os/as traballadores/as que se contraten son as recollidas na Resolución da Xefa Territorial da Consellería de Emprego e Igualdade de data 24 de xuño de 2021, de concesión da subvención, expediente TR351G 2021/5-2, que consisten en 1.108,69€ brutos/mes incluída a prorrata de paga extra.



#### **Cuarta. Procedemento de selección.**

*A selección dos traballadores será mediante a presentación de oferta de emprego no Servizo Público de Emprego de Galicia, segundo o establecido no artigo 14 da Orde do 12 de abril de 2021 e polo sistema de concurso e proba escrita. O Concello de Castro de Rei presentará unha oferta de emprego ante o Servizo Público de Emprego de Galicia, para que se lle remitan un mínimo de 2 candidatos/as por cada posto de traballo. O número de prazas a ofertar será de 2 peóns.*

*A oficina de emprego comunicará aos/ás candidatos/as o lugar, día e hora na que deberán asistir para realizar a selección orientada a cubrir a oferta de emprego formulada, indicándolles que deberán presentar con anterioridade á data fixada para a selección a documentación que acredite os méritos que alegue o/a aspirante.*

#### **Quinta. Requisitos dos/as aspirantes.**

*Os aspirantes deberán manifestar que reúnen os requisitos que seguidamente se sinalan na data fixada para a realización da selección e que están en condicións de acreditarlos, unha vez superado o proceso selectivo, antes de que se dite resolución a favor dos aspirantes que vaian ser contratados temporalmente.*

*a) Ter nacionalidade española, ou ter nacionalidade doutro Estado sempre que se cumpran os requisitos do artigo 57 Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, respecto do acceso ao emprego público de nacionais doutros estados.*

*b) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas do emprego a que se aspira, non padecendo enfermidade, nin estar afectado por limitación física ou psíquica incompatible co desempeño das súas funcións.*

*A condición de discapacitado e a súa compatibilidade acreditarase coa oportuna certificación.*

*c) Ter cumpridos os dezaseis anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.*

*d) Non ter sido separado/a do servizo de calquera Administración Pública en virtude de expediente disciplinario nin atoparse inhabilitado/a por sentenza firme para o exercicio de funcións públicas.*

*Os/as aspirantes que non tiveran a nacionalidade española deberán acreditar, igualmente, non estar sometidos/as a sanción disciplinaria ou condena penal que impida, no seu Estado, o acceso á función pública.*

*e) Figurar na listaxe de candidatos remitidos pola Oficina de Emprego Lugo- Sur, como persoas desempregadas inscritas no Servizo Público de Emprego como demandantes non ocupados e estar dispoñibles para o emprego.*

*f) Non ser contratados por un período igual ou superior a nove meses con cargo ás axudas concedidas no ano 2020 pola Consellería de Emprego e Igualdade, no ámbito de colaboración coas entidades locais e coas entidades sen ánimo de lucro, en materia de políticas activas de emprego, para a contratación de persoas traballadoras desempregadas.*

*Todos os requisitos deben estar en posesión do solicitante o día sinalado pola oficina de emprego.*

#### **Sexta. Forma e prazo de presentación dos candidatos.**

*A selección do persoal levarase a cabo da forma prevista no artigo 14 da Orde de 12 de abril de 2021, polo que se formulará oferta de emprego no Servizo Público de Emprego de Galicia. Non se requirirá a presentación de instancias, xa que os candidatos deberán*





# CONCELLO DE CASTRO DE REI (LUGO)

Praza Maior, nº 1 - Tel. 982 31 40 34 - Fax 982 31 40 61 - C. P. 27250  
C. I. F. P - 2701000 H - R. E. L. 01270109

*figurando na lista remitida polo Servizo Público de Emprego de Galicia, en contestación á correspondente oferta, só se require cubrir os Anexos I e II deste decreto de alcaldía aprobando as bases.*

*Os candidatos/as desempregados/as deberán acompañar no día sinalado pola Oficina de Emprego, para a súa presentación no concello de Castro de Rei, a documentación sinalada nas presentes bases (orixinais ou copias compulsadas, non se tomarán en consideración nin serán valorados aqueles méritos que non queden debidamente acreditados, en todos os seus extremos no Anexo II), obxecto de valoración no procedemento de selección, xunto co DNI ou documento similar que acredite a súa identidade e Anexo I (Modelo de declaración Responsable).*

## **Sétima. Funcións.**

*As funcións a desempeñar polas persoas que resulten seleccionadas consistirán no mantemento e revalorización de zonas públicas municipais.*

## **Oitava. Tribunal de selección.**

*O Tribunal de selección acomodarse ao establecido nos artigos 60 e 61 do TRLEBEP. Estará constituído por:*

- Presidente: Un empregado/a público con nivel de titulación igual ou superior ao esixido para o acceso ao posto convocado.*
- Secretario/a: Un empregado/a público con nivel de titulación igual ou superior ao esixido para o acceso ao posto convocado.*
- Vogais: Tres empregados/as públicos con nivel de titulación igual ou superior ao esixido para o acceso ao posto convocado.*

*Todos os membros do tribunal terán voz e voto.*

*No caso de non contar co número de funcionarios ou persoal propio da Corporación suficiente para formar tribunal acudirase a outra Administración Pública.*

*O nomeamento dos membros que constituirán o Tribunal Cualificador, realizarase por decreto do Sr. Alcalde, debendo posuír, en calquera caso, titulación ou especializacións iguais ou superiores ás esixidas para o acceso á función convocada.*

*Os membros deste órgano deberán absterse de intervir, notificándollos á autoridade convocante, cando concorran neles algunha das circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro de réxime xurídico do sector público. Así mesmo, os interesados poderán promover a recusación de acordo co sinalado no artigo 24 do mesmo texto legal.*

*O Tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia da totalidade dos membros que o integran.*

*O órgano seleccionador resolverá por maioría de votos dos seus membros presentes todas as dúbidas e propostas que xurdan para a aplicación das normas contidas nestas bases e estará facultado para resolver as cuestións que se poidan suscitar durante a valoración dos méritos, así como adoptar as medidas necesarias que garantan a debida orde do concurso en todo o que non estea previsto nestas bases.*

*Os seus acordos serán impugnables nos supostos e na forma establecida pola Lei 39/2015, de 1 de outubro de procedemento administrativo común das administracións públicas.*

## **Novena. Sistema de selección.**

*O sistema de selección será o concurso e proba escrita.*

*Poderase obter ata un máximo de **34 puntos**.*



### BAREMO DE MÉRITOS:

Polo Tribunal cualificador examínase toda a documentación entregada polos aspirantes para os efectos de determinar unha maior adecuación ao posto de traballo. Os méritos deberán posuírse e acreditarse á data en que remate o prazo de presentación de instancias. Os méritos que se valoran son os que a continuación se relacionan e deberán acreditarse mediante orixinais ou copia compulsada. A puntuación máxima no baremo de méritos non excederá de 24 puntos.

#### 1.- Criterios específicos:

Terán preferencia, en todo caso, os colectivos con especiais dificultades de inserción laboral e, aqueles que teñan prevista a realización deste tipo de medidas no seu itinerario de inserción profesional, que aparecen descritas no artigo 14 da Orde do 20 de decembro de 2019 da Consellería de Economía, Emprego e Industria, e dita preferencia será valorada ata un máximo de 18 puntos distribuídos da seguinte maneira:

- a) Mulleres e, en especial, aquelas que acrediten a condición de vítimas de violencia de xénero: 2 puntos.
- b) Menores de 30 anos, en especial, as persoas demandantes do primeiro emprego ou aquelas sen cualificación profesional: 2 puntos.
- c) Persoas paradas de longa duración: 2 puntos.
- d) Persoas con discapacidade: 2 puntos.
- e) Persoas desempregadas que esgotasen as prestacións e subsidios por desemprego a que tivesen dereito: 2 puntos.
- f) Persoas desempregadas maiores de 45 anos: 2 puntos.
- g) Integrantes de colectivos desfavorecidos ou en risco de exclusión social, especialmente persoas beneficiarias da renda de integración social de Galicia: 2 puntos.
- h) Cargas familiares: Existencia de responsabilidades familiares, entendéndose por estas ter a cargo da persoa traballadora desempregada que se contrate o/a cónxuxe, o/a parella de feito, fillos e fillas menores de vinte e seis anos ou maiores con discapacidade, persoas maiores incapacitadas ou menores en acollemento. A puntuación será de de 0,50 puntos por persoa a cargo, ata un máximo de 2 puntos, previa acreditación documental: Libro de familia, certificado de convivencia, certificados de pensións, certificados da oficina de emprego, etc.

#### 2.- Tempo de desemprego:

Por cada mes completo en situación de desemprego inscrito no Servizo Público de Emprego de Galicia, valorárase 0,10 puntos. Acreditárase este aspecto coa presentación do Informe de Períodos de Inscripción emitido polo Servizo Público de Emprego de Galicia. A puntuación máxima neste apartado será de 2 puntos.

#### 3.- Formación:

Por estar en posesión de cursos de formación relacionados coa actividade a desenvolver no posto de traballo impartidos pola Administración Pública ou entidades delas dependentes ou homologados. Ata un máximo de 4 puntos, en función da seguinte escala:

- a. De duración de máis de 100 horas: 0,75 puntos/curso.
- b. De duración de 51 a 100 horas: 0,50 puntos/curso.
- c. De duración de 26 a 50 horas: 0,25 puntos/curso.
- d. De duración de 10 a 25 horas: 0,10 puntos/curso.
- e. Inferiores a 10 horas de duración: 0,05 puntos/curso.

Valoráranse aqueles cursos impartidos ou expedidos pola Administración Pública ou entidades delas dependentes ou homologados con contido que estea directamente relacionado coa praza que se convoca. No Diploma ou Certificado deberá constar o nome do curso, os contidos impartidos, a entidade que o expide e a carga horaria. Incluírse no apartado de cursos de duración inferior a 10 horas lectivas a razón de 0,05 puntos/curso,





# CONCELLO DE CASTRO DE REI (LUGO)

Praza Maior, nº 1 - Tel. 982 31 40 34 - Fax 982 31 40 61 - C. P. 27250  
C. I. F. P - 2701000 H - R. E. L. 01270109

*aqueles cursos que non especifiquen o número de horas nos correspondentes certificados.*

*O Tribunal en ningún caso, poderá valorar o non achegado e probado polos aspirantes na documentación aportada sen admitir a concesión de prazo ningún para enmendadas ou subsanacións con posterioridade ao día de remate do prazo de presentación daquela.*

## PROBA ESCRITA:

*A puntuación máxima que se poderá acadar neste apartado será de 10 puntos.*

*Os/as candidatos/as deberán responder no tempo máximo de 30 minutos a un cuestionario que conterá preguntas relativas a información xeral do concello de Castro de Rei e preguntas relacionadas co posto de traballo a desempeñar.*

*Esta proba escrita é de carácter obrigatorio, quedando excluídos do proceso selectivo aqueles/as candidatos/as que non comparezan na data da súa realización.*

## **Décima. Modo de acreditación dos méritos.**

*A documentación xustificativa dos méritos alegados por cada candidato/a deberá presentarse no Rexistro Xeral da entidade como mínimo con dous días de antelación á data fixada para a realización da selección, mediante:*

- *Acreditación de criterios específicos (recollidos nos apartados a) ata i):*
- *Informe de Períodos de Inscripción emitido polo Servizo Público de Emprego de Galicia.*
- *Informe de Vida Laboral actualizado.*
- *Documentación acreditativa dos cursos de formación. (Diploma ou Certificado)*

*Non se valorarán os méritos que non se acrediten documentalmente ou que, a xuízo do Tribunal, non estean suficientemente acreditados.*

**A NON ACREDITACIÓN DOS MÉRITOS ALEGADOS CONFORME SE SINALA NO PARÁGRAFO ANTERIOR, DETERMINARÁ QUE ESTES NON SERÁN TIDOS EN CONTA POLO TRIBUNAL, NIN SE VALORARÁN AÍNDA QUE SE ACREDITEN FÓRA DO PRAZO ESTABLECIDO PARA A SÚA PRESENTACIÓN. TAMPOUCO SE REQUIRIRÁ AOS INTERESADOS PARA QUE OS ACREDITEN.**

**En caso de empate** na puntuación dos candidatos estarase á maior puntuación na proba escrita para proceder ó seu desempate.

*E en caso de persistir dito empate realizarase un sorteo polos membros do tribunal para proceder ó seu desempate.*

## **Undécima. Proposta de selección.**

*Rematado o proceso selectivo, o Tribunal levantará acta na que se farán constar as puntuacións obtidas por cada aspirante ordenadas de maior a menor puntuación, e que incluírá unha proposta de selección e unha lista de reserva co resto de aspirantes que non foron seleccionados/as. A citada acta publicarase na páxina web do Concello de Castro de Rei: [www.castroderei.gal](http://www.castroderei.gal).*

*A proposta do Tribunal elevarase á Alcaldía, que resolverá o procedemento selectivo decidindo a contratación, que se formalizará mediante decreto, que será publicada na páxina web do concello.*



No caso de renuncia expresa á contratación por parte dos/as candidatos/as seleccionados/as procederase á contratación do seguinte na relación dos non seleccionados de acordo coa orde establecida nesta, tanto no caso de que a renuncia se produza antes como despois de formalizar por escrito a contratación.

#### **Duodécima. Presentación de documentación**

Os/as aspirantes propostos/as para a súa contratación presentarán no Rexistro Xeral do Concello de Castro de Rei, previamente á formalización dos contratos, a seguinte documentación:

- a) Fotocopia do DNI.
- b) Certificación médica acreditativa de non padecer enfermidade nin defecto físico que impida o desempeño das funcións propias do posto. No caso de que se teña a condición de discapacitado a súa compatibilidade acreditarase coa oportuna certificación médica.
- c) Declaración xurada de non ter sido separado do servizo das administracións públicas e non estar incurso nalguna das causas de incapacidade ou incompatibilidade determinadas na lexislación vixente.
- d) Acreditación da condición de perceptor/a de RISGA e estar inscrito/a no Servizo Público de Emprego de Galicia como persoa demandante non ocupada.
- e) Fotocopia da tarxeta da Seguridade Social.
- f) Certificado de número de conta bancaria (20 díxitos).

#### **Décimo Terceira. Comezo das tarefas propias do posto para o que foi seleccionado/a.**

Unha vez publicado o resultado da selección na citada páxina web do concello e tras a presentación dos documentos relacionados no apartado anterior, procederase á sinatura do respectivo contrato, comezando posteriormente o/a traballador/a a prestar os seus servizos no Concello de Castro de Rei.

A non presentación no posto de traballo no día e hora indicados para o comezo da relación laboral, enténdese como renuncia ao posto de traballo salvo causas debidamente xustificadas.

#### **Décimo cuarta. Normativa de aplicación.**

En todo o non previsto nestas bases serán de aplicación as seguintes disposicións:

- Orde do 12 de abril de 2021, pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego no medio rural (APROL Rural) e se procede á súa convocatoria para o ano 2021.
- Lei 7/1985, Reguladora das Bases de Réxime Local.
- Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril.
- Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público; Lei 2/2015, de 29 de abril do emprego público de Galicia.
- Lei 5/1997, de 22 de xuño, da Administración Local de Galicia; Real Decreto Legislativo 2/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores.
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

#### **Décimo quinta. Réxime de recursos.**





# CONCELLO DE CASTRO DE REI (LUGO)

Praza Maior, nº 1 - Tel. 982 31 40 34 - Fax 982 31 40 61 - C. P. 27250  
C. I. F. P - 2701000 H - R. E. L. 01270109

*Contra o acordo de aprobación das bases desta convocatoria, que é definitivo na vía administrativa, poderán os interesados interpoñer potestativamente recurso de reposición diante da Alcaldía, no prazo dun mes contado dende a notificación do acordo, ou recurso contencioso- administrativo, diante do Xulgado do Contencioso- Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses e na forma prevista na lexislación reguladora da devandita xurisdición, sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro que estime procedente."*

## **ANEXO I (MODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE**

D.Dª \_\_\_\_\_, con DNI núm. \_\_\_\_\_, e enderezo a efectos de notificación en \_\_\_\_\_, teléfono nº \_\_\_\_\_  
**DECLARO BAIXA A MIÑA RESPONSABILIDADE**

**Primeiro :** Que reuno os requisitos desta convocatoria:

a) *Ter nacionalidade española, ou ter nacionalidade doutro Estado sempre que se cumpran os requisitos do artigo 57 Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Emprego Público, respecto do acceso ao emprego público de nacionais doutros estados.*

b) *Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas do emprego a que se aspira, non padecendo enfermidade, nin estar afectado por limitación física ou psíquica incompatible co desempeño das súas funcións.*

*A condición de discapacitado e a súa compatibilidade acreditarase coa oportuna certificación.*

c) *Ter cumpridos os dezaseis anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.*

d) *Non ter sido separado/a do servizo de calquera Administración Pública en virtude de expediente disciplinario nin atoparse inhabilitado/a por sentenza firme para o exercicio de funcións públicas.*

*Os/as aspirantes que non tiveran a nacionalidade española deberán acreditar, igualmente, non estar sometidos/as a sanción disciplinaria ou condena penal que impida, no seu Estado, o acceso á función pública.*

e) *Figurar na listaxe de candidatos remitidos pola Oficina de Emprego Lugo- Sur, como persoas desempregadas inscritas no Servicio Público de Emprego como demandantes non ocupados e estar dispoñibles para o emprego.*

f) *Non ser contratados por un período igual ou superior a nove meses con cargo ás axudas concedidas no ano 2020 pola Consellería de Emprego e Igualdade, no ámbito de colaboración coas entidades locais e coas entidades sen ánimo de lucro, en materia de políticas activas de emprego, para a contratación de persoas traballadoras desempregadas.*

**Segundo:** *Que reúno os requisitos e condicións esixidas nas bases que rexen o proceso de selección de 2 Peóns.*

**Terceiro:** *Declaro coñecer as bases para selección de persoal laboral temporal, categoría 2 Peóns.*

\_\_\_\_\_, de \_\_\_\_\_ de 20

O solicitante,  
Asdo:

*En relación co establecido na L.O.P.D de carácter persoal o Concello de CASTRO DE REI, procede a informarlle que os datos obtidos no noso formulario serán incorporados a un*



ficheiro de datos, do que é responsable o Concello de Castro de Rei, con domicilio social en Praza Maior, nº 1-27250 Castro de Rei-Lugo. Sendo os datos obtidos co consentimento do interesado, art. 6 L.O.P.D., o obxecto de dito tratamento será para a xestión das relacións contractuais establecidas entre o Concello e o solicitante. O interesado gozará en todo momento dos dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición garantidos pola Lei vixente. O titular dos datos comprométese a comunicar por escrito o Concello de Castro de Rei, calquer modificación que se produza nos datos aportados.

## ANEXO II (RELACIÓN DETALLADA DOS MÉRITOS APORTADOS E ACREDITADOS)

<b>Criterios específicos</b>		<b>Puntos</b>
<input type="checkbox"/>	Mulleres e, en especial, aquelas que acrediten a condición de vítimas de violencia de xénero (2 puntos)	
<input type="checkbox"/>	Menores de 30 anos, en especial, as persoas demandantes do primeiro emprego ou aquelas sen cualificación profesional: 2 puntos.	
<input type="checkbox"/>	Persoas paradas de longa duración: 2 puntos.	
<input type="checkbox"/>	Persoas con discapacidade: 2 puntos.	
<input type="checkbox"/>	Persoas desempregadas que esgotasen as prestacións e subsidios por desemprego a que tivesen dereito: 2 puntos.	
<input type="checkbox"/>	Persoas desempregadas maiores de 45 anos: 2 puntos.	
<input type="checkbox"/>	Integrantes de colectivos desfavorecidos ou en risco de exclusión social, especialmente persoas beneficiarias da renda de integración social de Galicia: 2 puntos.	
<input type="checkbox"/>	Cargas familiares: Existencia de responsabilidades familiares, entendéndose por estas ter a cargo da persoa traballadora desempregada que se contrate o/a cónxuxe, o/a parella de feito, fillos e fillas menores de vinte e seis anos ou maiores con discapacidade, persoas maiores incapacitadas ou menores en acollemento. A puntuación será de de 0,50 puntos por persoa a cargo, ata un máximo de 2 puntos, previa acreditación documental: Libro de familia, certificado de convivencia, certificados de pensións, certificados da oficina de emprego, etc.	

<b>Tempo de desemprego</b>		<b>Puntos</b>
	Nº meses completos en situación de desemprego inscrito no Servizo Público de Emprego de Galicia. (0,1 pts/mes completo)	
<b>Formación</b>		
Título curso	Entidade impartinte	Nº horas
<b>Total méritos alegados</b>		







# CONCELLO DE CASTRO DE REI (LUGO)

Praza Maior, nº 1 - Tel. 982 31 40 34 - Fax 982 31 40 61 - C. P. 27250  
C. I. F. P - 2701000 H - R. E. L. 01270109

- , de , de 20  
O solicitante  
Asdo:

**Segundo.** Publicar as presentes bases no taboleiro de anuncios do Concello e na páxina web [www.castroderei.gal](http://www.castroderei.gal).

**Terceiro.** Presentar a correspondente oferta na Oficina de Emprego Lugo-Sur do Servizo Público de Emprego de Galicia.

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE NA DATA QUE FIGURA Á MARXE.

